

Contidos:

Tecnoloxías 2º: Primeira avaliación: 1. Introducción á tecnoloxía. 2. Estructuras e construción. 3. Comunicación e documentos online. 4. Edición de imaxe con GIMP Segunda Avaliación 1. Mecanismos. 2. Circuitos eléctricos 3. Inkscape Terceira Avaliación: 1. Coche eléctrico 2. Scratch	Tecnoloxías 3º: 1ª Avaliación 1. Electricidade e electromagnetismo. Introducción á electrónica. 2. Deseño 3D con OpenSCad 2ª Avaliación 1. 2. Robótica e programación con Arduino 3ª Avaliación 1. Robótica e programación con Arduino 2. Proxecto final	Tecnoloxía 4º ESO 1ª Avaliación 1. Electrónica. 2. Neumática. 2ª Avaliación 1. Repaso de programación e robótica con Arduino 2. Arduino avanzado. 3. Deseño 3D e manexo da impresora 3D. 3ª Avaliación 1. Proxecto final 2. Tecnoloxías da comunicación 3. Historia da tecnoloxía
--	---	--

Obxectivos:

- Comprender mellor o noso entorno tecnolóxico.
- Ser capaz de desenvolver proxectos funcionais.
- Valorar a importancia do respecto polas persoas e o traballo.
- Manter e mesmo mellorar os espazos e materiais.
- Mellorar o noso vocabulario tecnolóxico e a nosa expresión.
- Acadar a satisfacción de ter aprendido e ser mellores.

Metodoloxía:

Habrá partes de teoría, partes de práctica en taller e prácticas de informática, todas necesarias e importantes.

Avaliación:

O grao de consecución dos obxectivos indicados se fará mediante a observación directa e rexistro no caderno do profesor, a calificación de proxectos, a recollida de traballos, memorias e cadernos e a realización de probas escritas e/ou orais.

Cualificación: 20% actitude e 80% contidos. Para obter o aprobado nunha avaliación, o alumnado deberá cumprir dúas condicións:

1 - que a media das cualificacións de todas as partes acade o 5

2 - que nningunha das partes teña unha calificación inferior a 4

As partes aprobadas se gardarán definitivamente, as partes suspensas deberán ser recuperadas no exame final de xuño e/ou setembro.

Nota final xuño = 30% + 30% + 40%, mínimo un 5 en cada avaliación e todas as partes por riba de 4.

En setembro, a nota será a media ponderada das avaliacións aprobadas coa nota das partes das que se fixo exame.

Outras consideracións:

Material:

O alumno/a deberá traer a clase unha funda plástica con folios brancos e cuadriculados, lapis, goma e bolígrafo. Recoméndase tamén ter un pendrive con, alo menos, 250MB dispoñibles. Deberá dispoñer tamén duns cascos para as partes que requiran traballo de audio. No caso de que se lle preste material, farase responsable do seu coidado e terá que repoñelo en caso de perda ou destrago.

Comunicación online:

O alumnado é responsable de coñecer e consultar regularmente a conta de correo que lle será creada na asignatura, e de instalar no seu equipo particular os programas que se usarán durante o curso.

